

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº65/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de marzo / Estado de Recuperación

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



DEFENDER OS XACEMENTOS A PÉ DE PRAIA EN ONS

Interesante que investiguen tecnicamente como defender os xacementos arqueolóxicos que están en cantís expostos aos embates do mar, pero, estes, son imprevisibles, polo que hai que buscar solución axiña. **Páx. 1**

Subvenciones para la realización de proyectos de investigación científica en la Red de Parques Nacionales para el año 2023.

Aproveitalos para un mellor Estudo da Política Forestal do Parque I. Atlánticas, que brilla pola súa ausencia; unido a un necesario estudo etnográfico antropolóxico.



SÁLVORA ARQUEOLÓXICA

Se Cíes e Ons estaban sen estudar nestes campos, Sálvora e Cortegada máis aínda. Hai 40 anos, un lector, aínda que non especializado en arqueoloxía, xa descubriera en Sálvora posibles xacementos. Aquí deixa a súa suxestión. **Páx. 2**



JAVIER PAZÓ

O 1 de marzo, Javier Pazó deu unha charla sobre “El Colón galego” en Puerto Rico. Na foto preto do monumento a Colón, en Arcibo. **Páx. 2**




REVISTA AUNIOS e Pineiróns

Este ano 2023 a asociación cultural Pineiróns e a súa revista cultural AUNIOS están de aniversario, cumpren 25 anos. Esperamos que no mes de maio sexa presentada. Informarei. **Páx. 3**



COMPARSAS EN BUEU

Este ano as comparsas de Bueu esquecéronse de Ons nas súas letras. Cal sería o motivo? Sobre todo a de “Vou nun Bou”, que sempre a tivo presente nas súas oracións. **Páx. 4**



Esperemos que esta Semana Santa e no verán contemos co Servizo Permanente de Primeiros Auxilios e que funcione correctamente. **Páx. 4**

Historia de Bueu e Ons no blog de Arturo Sánchez Cidrás. **Páx. 5**



Celebración Camawaiana no Restaurante Pescador. **Páx. 6**

VAN INVESTIGAR TÉCNICAMENTE COMO DEFENDER OS XAMENTOS ARQUEOLÓXICOS DAS ILLAS ATLÁNTICAS (23/02/2023)

De novo, como me ocorreu no anterior Onstopus, sae unha noticia interesante no mesmo intre que enviaba o nº 64. Di a nova: *“Un proyecto investiga las consecuencias del cambio climático en Cíes y Ons para salvar su patrimonio arqueológico”*, e segue detallando posteriormente: *“ lo importante es predecir cómo afectará la erosión marina y el cambio climático al patrimonio arqueológico de las Illas Atlánticas y poder actuar para salvarlo o estudiarlo antes de que el mar se lo lleve por delante”*.

Teño que comezar dicindo que despois de case 50 anos solicitando estudos serios e científicos nos campos da Historia e a Arqueoloxía, por fin, van levalos a cabo (ou iso espero). Dinnos quen o vai realizar e poñen os seus nomes e especialidade; todo un avance.

Aparte de expoñer que é unha excelente noticia, non teño absolutamente nada que engadir na súa parte técnica. O que si, se mo permiten, o único que solicito é **celeridade**, polo menos no que se refire ao xacemento romano de Canexol, na parte que dá ao cantil da praia, que penso é o que está máis en perigo dos tres que nomean.

A nosa meteoroloxía está nuns intres imprevisibles, podemos ter unha mañá do máis tranquilo no mar e pola tarde, en cuestión de minutos, xurdir unha marusía enorme que, se ademais toca con marea chea, chegar á parte do cantil das praias de Area dos Cans e Canexol é so nun abrir e pechar de ollos; de aí, que en Canexol habería que buscar unha solución de urxencia **XA** para evitar calquera eventualidade repentina, mentres se fan eses estudos que, como din: *“...compararán como evoluciona a zona cada seis meses durante tres anos”*; nese tempo, unha marusía pode facer desaparecer o cantil, os cubos de salga,..., e ata a corredeira que vai de Curro a Pereiró. Colocar algo de pon e quita, mentres non se busque algo cientificamente adecuado, non é facer un desequilibrio medio ambiental, pero si aseguramos o cantil e o noso patrimonio.

Pero ben, vostedes son os técnicos, eu son só un namorado desta Illa e teño ás miñas costas a experiencia vivida durante case 50 anos, so pido que ogallá me equivoque nas miñas predicións froito da observación.



Unha imaxe vale máis que mil palabras. Aquí, sen buscar moito, dúas marusías en días distintos en Area dos Cans e Canexol.
Esquerda: Praia de Area dos Cans. A marusía estaba comezando. Aparte de levarse o chiringuito subiu polo cantil con facilidade.
Dereita: Praia de Canexol. Mes de setembro. Marea rematando de subir. O cantil do xacemento romano, tocado con forza.

BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

Vén de saír no seu nº 48 de 25 de febreiro de 2023 o

Extracto de la Resolución de 23 de febrero de 2023 del Organismo Autónomo Parques Nacionales, por la que se convoca la concesión de subvenciones para la realización de proyectos de investigación científica en la Red de Parques Nacionales para el año 2023.

Interesante convocatoria da que o Parque I. Atlánticas debería dar cumprida información para animar a investigadores e, sobre todo, universitarios á realización de Proxectos que melloren o noso único Parque Nacional, xa que estas: *“...ayudas habrán de ser de investigación orientada a la adquisición de nuevos conocimientos científicos aplicables a los principios que orientan la naturaleza y función de los parques nacionales”*.

No noso Parque hai moito no que traballar e investigar e, en diferentes disciplinas, é por iso que deberían dar unha maior difusión destas, incluíndo as necesidades de investigación máis necesarias e importantes.



Temáticas como a Política Forestal no Parque e o tema etnográfico, deberían ser dous puntos de investigación a solicitar xa que poden ir dun xeito conxunto ao estar moi relacionadas en algúns puntos.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS ARQUEOLOXÍA EN SÁLVORA

Esta suxestión está relacionada co número anterior onde falaba da arqueoloxía en Sálvora e o Informe redactado polo grupo de arqueólogos do GEAAT dirixido por Adolfo Fernández.

Un lector, amigo e colaborador de AUNIOS que está a recuperar dunha importante operación, estivo en Sálvora invitado polo seu dono hai máis de 40 anos e tivo o tempo suficiente para desprazarse por ela en plan investigación como facía en todas as súas viaxes por aquelas datas.

Ao ler o tema do Informe, escribe: *"Aprovechando mi reclusión en casa, me he dedicado estos días a revisar las notas que tomé sobre Sálvora hace casi 40 años. Las menciono a continuación por si son de interés para los que están excavando en esa isla."*

1.- *Vi cerámica romana en el extremo norte del arenal Serna del Prado, cerca de Punta dos Bois. También cerámica al Sur del arenal del Castillo.*

2.- *En el monte Galleiras me contaron que vivían "os mouros".*

3.- *En el lado occidental de la isla, al norte del faro, frente al mar, en un terreno llano y delante de una gran peña rectangular vi restos de los cimientos de una construcción.*

4.- *También me contaron que cuando había un enfermo o se moría alguien en la isla, los vecinos encendían una hoguera en lo alto de las peñas de Milreu para que la vieran los familiares que vivían en Aguiño.*

Anoté información sobre la Santa Compañía, ya publicada. 5.- *En la aldea había las siguientes casas: Casa de Caneda, Casa del vecino que hacía de maestro, Casa do Sordo, Casa do Píralo, Casa de Saturno, Casa de Benito, Casa de Oujo. Había también 9 horreos. Y aproximadamente unas 30 personas."*

Quizais estas notas que nos envía o noso querido lector, hoxe en día estean máis que superadas en estudos, sobre todo de toponimia e, como podemos comprobar no Informe de Adolfo e anteriormente de Paula Ballesteros, penso que tamén en datos arqueolóxicos e etnográficos, pero se pensamos nos mesmos datos hai 40 anos, sería todo un punto de axuda para comezar a investigar. De todos os xeitos aquí as deixo por se son do interese de calquera dos nosos lectores.



Páx. 4

Dous momentos da Charla de Javier Pazó.



Casa de España en Puerto Rico.

JAVIER PAZÓ OLMEDO. Charla en Puerto Rico

Como contabamos no anterior nº 64, Javichi Pazó, o día 1 de marzo de 2023 ás 19 h., na Casa de España en Puerto Rico, deu a charla sobre *"Cristobal Colón galego"*, contando cunha boa asistencia de público e personalidades entre as que se atopaba o Cónsul Xeral de España e o Presidente do Centro Galego. A charla durou 45 minutos e contou cun importante soporte gráfico.


Ao remate todos os asistentes se achegaron para felicitalo e preguntarlle pequenos detalles. Parabéns Javier.

Revista AUNIOS nº 28

AUNIOS

Nº 28

2023



SOBRE ONS, NESTE NÚMERO, TEMOS:

- Comezo de estudos etnográficos
- Torrente Ballester e Didio Riobó
- A muller e o mar: Divina
- Luís Dávila e Ons
- Maruja Mallo. Didio Riobó
- Homenaxe a Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez
- Homenaxe a Pedro de Llano
- Variacións climáticas e mudanzas culturais
- Sobre o Prestige en Ons
- Pintor Isidro Cortizo
- De San Vicente á Illa. Familia Goberna.
- Artesáns na Illa de Ons: Txoto e Ane
- Un preparque para as illas atlánticas de Galicia
- Gonzalo Viana
- Relato dun neno insular

Que asinan, por orde de artigos: Tino Pardellas, Belarmino Barreiro, Dopazo Entenza, Sánchez Cidrás, Patricia Arias, Alonso Romero, Portela Campos, Paco Calo, Xulio Pardellas, Isidro Cortizo, Avelino Ochoa, Txoto e Ane, Romay Cousido, Xaime Toxo e Blanco Sabarís.

O número complétase con artigos sobre a zona do *Salnés-O Grove*.

REVISTA “AUNIOS” Nº 28

Xa temos rematada, no que a artigos se refire, o nº 28 da revista cultural AUNIOS que esperamos ter na rúa a finais do mes de abril ou principios de maio.

Nestes intres estamos á espera de confirmar varias doazóns e deseño de publicidade, cando as teñamos ratificadas e deseñadas, a revista pasará ao último trámite: a entrega en imprenta.

25 ANIVERSARIO

Así é, en xuño de 1998, constituíamos PineirOns e comezábbase a xerar o nº 0 de Aunios.

O noso obxectivo era dar a coñecer a Illa de Ons e as súas importantísimas características, que incrivelmente estaban sen investigar estando Ons a un chouto do continente, para que persoas especialistas, investigadores, universidade, institucións,..., as coñeceran e se preocuparan de impulsar o seu estudo.

Non foi doado, sobre todo ao principio, pois se ninguén investigara sobre Ons, como iamos a conseguir persoas, minimamente cualificadas, que nos falaran das súas peculiaridades, fóra loxicamente, da súa beleza, das praias e a súa auga cristalina.

Pois foi a base de moito esforzo conseguir ir metendo o desexo do seu estudo a persoas que sabiamos tiñan a capacidade suficiente para facelo e a outros que, dun xeito particular, facían pequenas pescudas en diferentes campos pero que, polos motivos que fose, non os daban a coñecer.

Hoxe en día coidamos que as singularidades máis importantes: históricas, etnográficas, sociais, arquitectónicas, económicas: pesca e agricultura, biolóxicas: fauna e flora,..., e unha boa cantidade de datos anecdóticos foron saíndo a través das 28 revistas que hai xa publicadas.

Sabemos que, aínda que tocados os campos de estudo transcendentais da Illa, estes están sen rematar, aínda queda moito por pescudar sobre eles, pero, polo menos, non están esquecidos nin en liña de saída, senón que están xa competindo e, nalgúns casos, a un alto nivel.

PineirOns segue na súa teima e a carón deses puntos esenciais, estanse a tocar outros que teñen que ver e moito coa historia desta Illa que, ata hai nada, era unha grande esquecida e descoñecida.

REJENTONRÍAS

Música: Corazón salvaje

Aí os do Son, os do Son, os do Son
Para as chavalitas,
Que van perreando
Aí rejeton rejeton rejeton
Seica viña Ska-p
Eu sijo esperando..

E o rocanrol, rocanrol rocanrol,
Antes eran moitos
De cresta amarilla
Pero Padin, co acordeon,
Eu vou a romería
Pero pa ti, rejeton,
Vai baila no Son Rias

Ai po caixon, po caixon, po caixon
E fixestes cartos pero po Son Rias
Veu Paquirrin,
Rejeton, e dalle jasinola
Quero a Padin, o acordeon,
El dalle a cabritiña..

Estribillo

O cajallón, o cajallón, o cajallón
eu o final marchei po Aturuxo
o do caixón, o caixón, o caixón
quen o tocaba era o de Beluso
e vamos nos, vamos nos, vamos nos
imos a cantarlle esta letrillas

e co leión aquel de Ons
botou o fondo a illa
pa Eurovisión non nos chamou
quen hostia é o cabecilla.

**E xa non hai porrito
Por qué non veu Ska-p
E pola navidad
A ver si ven de verdad**

**Ai rejeton culito,
Ai rejeton bailaches
Que barbaridad
Eu fun a ver a S.A**

E perreou, perreou perreou,
E coas tanxugueiras
Seica foi o cura
E el baixou, e baixou e baixou,
Mano en la cabeza,
Otra en la sintura...

Estribillo

ONS ESQUECIDA NO ENTROIDO BUEUES

Que raro este Entroido 2023 que a Comparsa máis representativa Vou nun Bou, non dedicara nin unha triste estrofa á súa querida Illa de Ons.

Pois, penso que por imaxinación non é, e por temática menos aínda, pero ben, queren dar un ano de acougo.

Aquí deixo dous pequenos fragmentos que lle dedicaron a Ons as comparsas As Faltriqueiras e os Mulos, a primeira por un Clip de Facebook e a segunda por unha suposta “regata de barcos” preto da Illa.

TEMPOS FELICES

Qué anos felices, pasamos Os Mulos,
os tempos de agora sonche tempos duros.
Con tanta epidemia, aproveiran cucos,
pra facerse ricos a conta dos burros.

Especulan coas vacunas,
tíman coa electricidade,
cargan di impostos os probes,
os bancos que ben lles vai,
aínda hai cousas piores,
pensamos de reflón.
¿Si fallan os Félix bois?
¿Ou falla a Diputación?
Nos anos aqueles cantamos Os Mulos,
foron outros tempos, eran cojonudos,
unha chea de tempo, que non actuamos,
o noso refuxio, está nos furanchos.
Non debe ser cousa mala, pese a tropa civil,
xeneran mil alegrías, que hasta o cura vai all.

O pior cando algún listo,
aproveita a ocasión;
E en vez de Tinta Femia, sirveno de garrañón.

Queremos amigos, seguir entonando,
unque as nosas canas, valan branqueando;
pregade que os viciós, que temos tan sanos,
nos dean saúde para multos anos.
Especulan coas vacunas.....

NO ANO DOUS MIL E PICO

No ano dous mil e pico, derrochando carnaval,
están Os Mulos dispostos, cantando para animar,
estamos algo asustados, do descuido xeneral,
alertamos gullifudás (bis)
sábeo moi ben Xuncal.

*O aparcamento que en Beluso hai,
chelo de buracos: Paisaxe lunar,
Cruceiro da Rosa, terás que esperar,
que hálzaxa presupuesto, para remendar.

*Na temosa viral en Talla, que fuxir do areal,
unha pequena cagaída, salvar o badén o entrar,
non lles chego o asfalto, trampearon provisional,
e multos coches chamaron (BIS)
a grúa para marchar.

O aparcamento da Casa do Mar,
Portos o prohibe haino que acatar,
si non o usa a xente a quen llo van dar,
¿Si pasara en Cangas iban levar!
*Ilusión facer aceras, dende A Chadiza o Pion,
iban a facelas logo, iso non cree nin dios,
pois si fora na Portela, iso si podía ser,
que cara dura que teñen, (BIS)
prometer hasta meter.

O aparcamento que en Beluso Hai
chelo de buracos, paisaxe lunar,
cruceiro da Rosa, terás que esperar,
como ese colexio que houbo que pintar.

Bueu, pobo parrandeiro, estrea competición,
con regatas das navieiros, por chegar antes a Ons;
Qué máis da chegar primeiro, si vas a ter que pagar,
o imposto o forasteiro, o imposto o forasteiro,
polo cubata no bar.
O aparcamento.....

BUEU UNIVERSAL

Noso Bueu tan coqueto, xola de tranquilidade,
as túas boas virtudes, onde foron donde están.
Avanzamos en cultura, en deporte máis nivel,
merda aínda queda moita, desde que marchou Fidel.

Noso Bueu querido, que pobo tan exemplar,
os nosos fotopapeiros son bos, son bos,
son bos para multar.

Noso Bueu querido, con gusto imos lembrar,
aqueles da vella guardia; Cendón, Luis, Boleiro e multos máis

Sorprendeunos un pouquiño, esa manifestación,
que por culpa dun xitano, puzo en pé a poboación,
vaia xola aterrizar, nesta zoa das Medas,
adeus sacos de patacas, butano e bolsas de pan.

Pero quen le fíxo frente un paladín popular,
si me jodes a carteira verás, verás
que ostias vas a levar.

Deixa ahí a bicicleta, teño que ir a traballar,
vaite pra ala hasta as lagoas, langrán,
langrán, velai tes a catalán.

Noso Bueu tan coqueto, temos unha novidade,
competimos cos de Vigo en luces de Navidad,
ala por Chan de Piñeiro, multos leds a rutillar,
como somos principado había que celebrar.

Noso Bueu querido.....

PRIMEIROS AUXILIOS NA ILLA DE ONS

Problemática do ano pasado

Estamos a un chimplo da Semana Santa e a nada do verán, e chegoume unha nota, que non é outra, que unha queixa á Valedora do Pobo por un, nun principio, pequeno problema que xurdiu o verán pasado con este Servizo.

Antes de nada teño que dicir que a loita para que Ons dispuxera dun Servizo tan imprescindible como o de Primeiros Auxilios xa vén dende os anos 80 s. XX, debido á abundante cantidade de persoas que había en Ons diariamente no verán, sobre todo de cámping cando este era libre e posteriormente nas zonas, cando non había cota de visitantes, con Campamentos e Campos de Traballo,...

Durante máis de 30 anos, agás algún esporádico verán, o organismo xestor da Illa deixou a máis de 3000 persoas sen un mínimo Servizo Sanitario.

Seguímos loitando e coa chegada de Parques, aínda que que custou, conseguíuse un retén diario de 8 horas, xa que marchaban co último barco.


Agradecemoslle moito poder contar con ese Servizo pero, en Ons pasaban a noite máis de 1000 persoas e era necesario que o Servizo fose PERMANENTE. Despois de varios anos de reivindicación, hai tres que contamos con ese Servizo Permanente de Primeiros Auxilios atendido por un/nha ATS.

Esa persoa ten un horario de mañá e tarde e, na hora do xantar e despois do remate do servizo presencial, sobre as 20 h., deixaba un número de teléfono para, de ocorrer calquera indisposición ou urxencia, se lle chamara, xa que tiña un espazo nas instalacións de Parques para vivir.

Que eu saiba, agás por ter que ir a terra a solucionar calquera asunto persoal, o servizo Permanente funcionou.



Caseta e carteis no ano 2020



Cartel na caseta de P. Auxilios no ano 2022

urxente. O feito é que unha nena de curta idade foi picada, coidan que por unha avés, e non paraba de chorar da dor, á vez de ter en conta as posibles consecuencias posteriores. A nai, ao ver o cartel, quizais por vergoña, non chamou. Non pasou nada grave, pero ese cartel indignou a un parente, veciño de Ons, que puxo o caso en mans da Valedora do Pobo. Conseguído un Servizo tan imprescindible, por favor, non demos pasos atrás por unhas malas decisións da administración xestora.



Ons. Serían capadores?

Os tempos políticos a mediados do século XIX estaban a pasar momentos convulsos onde, aos problemas sucesorios (sobre todo cos sectores carlistas) sumábase o enfrontamento por manter ou non o Antigo Réxime e as loitas entre os partidos dominantes que deron pé a novas formacións, como foi o Partido Progresista Demócrata[1].

Todos vían inimigos en todas partes. Os mandados, por parte dos Xefes Políticos, de extremar a vixilancia nas distintas demarcacións eran constantes. Por partir dun exemplo, o alcalde de Bueu recibe un oficio con esa fin do Xefe Político da

Provincia, 16 de novembro de 1849, ao que resposta co seguinte texto: *"para que se exerza activa vixilancia nos puntos da costa p' se a elas arribasen o buque de vapor el Henriette, e o Bergantín Goleta ambos pintados de negro q' conducen equipaxes p^a algúns miles de homes; de cuxas disposicións p^a impedir o seu desembarco quedo decatado e redobro a vixilancia nos puntos do meu distrito..."*

Con este tipo de teimas, dáse unha rocambolesca situación na que o alcalde, o 8 de marzo seguinte, escribe ao Xefe Político: *"Habendo tido p' noticia q' no día de onte pasaran á Illa de Ons dous homes descoñecidos e de carácter sospeitoso, e ignorando o obxecto q' a aquel punto podían levar, mandei inmediateamente varios homes veciños nunha lancha p^a q' auxiliándose do mordomo e máis ind^o res^{tes} naquela Illa se apoderasen das persoas dos primeiros, e mos presentasen cal en efecto así cumprido na noite de hoxe noto q' cada un deles me presenta un pase, os mesmos q' con as súas persoas remito a V. p' ser máis distancia q' as oito leg^s do punto de onde sonan resid^{tes}; e ademais parecen algo inverosímil de q' pasaron a aquela Illa co só obxecto segundo din, de exercitar o seu oficio de Capadores; con obxecto sen embargo de q' aclarados estes incon^{tes} dispoña V.. o q' vexa oportuno."*



Arquivo M.Bueu-Correspondencia Ca. 135/1

A dubida que algúns teñen é se os pobres capadores ían armados cunha navalla a dar un golpe de estado tomando a Illa como refén ou simplemente a traballar no seu oficio. Porque o de capturar a alguén na Illa de Ons nin se contempla, sería suicida...

De asasinatos, de e por capadores, tamén temos en Bueu, pero será outra historia.

[1] Escisión do Partido Progresista que solicitaba ir moito máis aló nos dereitos e liberdades cidadás, ampliación das medidas de desamortización, sufraxio universal etc.

Publicado e © de Arturo Sánchez Cidrás (Un de Loira) ás 00:00 Ningún comentario:

Enviar por correo electrónico Blog This! Compartir en Twitter Compartir en Facebook Compartir en Pinterest

Etiquetas: 1850, capadores, Ons

Pulsar nas imaxes para ir aos Blog e Páxina web

Documentación de Bueu de Arturo S. Cidrás

<http://www.bueu.ga/>
<http://descubrobueu.wix.com/bueu>



ARTURO SÁNCHEZ CIDRÁS

Ten practicamente todo documentado sobre o seu pobo, Bueu. Recomendo a visita á súa páxina e blog.

Aqueles interesados en temática da Illa de Ons, atoparán a historia e centos de anécdotas, só terán que poñer o nome da illa no buscador.

Aquí deixo a último inserida.

A TROPA CAMAWAIANA

Os Camaweis celebraron este pasado sábado 11 de marzo a segunda Reunión Gastronómica da tempada. Esta vez no incomparable marco do Restaurante “Pescador” de Portonovo.



Fixeron todo un viacrucis gastronómico por algúns dos máis afamados bares de Portonovo. Comezaron reuníndose na “Bar Lonxa”, para logo degustar uns rioxas en “Pepa a Loba”. Deseguido achegáronse ao máis illán “A Cova de Ons”, onde degustaron un exquisito albariño acompañado dun pincho de guiso excelente, rematando a singradura no lugar da Papadela “O Pescador” a base de cigalas, camaróns, caldeiretas de peixe e codillo, regados cos mellores viños.